



EXTENDED ERASMUS UNIVERSITY CHARTER

DECLARACIÓN DE POLÍTICA ERASMUS

Estratexia

Na Escola Superior de Conservación-Restauración de Bens Culturais de Galicia (ESCRBCG) consideramos que a formación de Conservadores non se limita ás actividades formativas convencionais. A formación do futuro profesional tamén abrangue as competencias básicas, entre as que se recoñecen valores como a tolerancia, o respecto da diferenza e a capacidade de resolución de situacións complexas e mesmo de conflitos. Nese sentido, a participación no programa ERASMUS é para nós fundamental para a formación do alumnado e do profesorado.

A nivel estritamente académico, o coñecemento tanto de procedementos e teorías (EUC) como da realidade profesional (EUCP) noutros países do noso ámbito cultural é así mesmo fundamental, razón pola cal solicitamos (como tamén fixéramos o ano pasado) a Carta Erasmus, na súa modalidade EUCX. No ámbito da formación do profesorado existe un novo compoñente relacionado co fomento da actividade investigadora, que esixe así mesmo unha forte mobilidade internacional.

A adaptación ao EEES dos estudos da ESCRBCG deseñouse durante os cursos académicos 2008/09 e 2009/10, a través de senllos Plans de Mellora da Calidade. Ditos plans non só supuxeron as modificacións do Currículum, senon que concluíron a improrrogable necesidade de estimular a experiencia formativa de alumnado e profesorado mediante a participación no Programa Erasmus.

En consecuencia, queremos agora dar un impulso definitivo á internacionalización das actividades académicas e formativas, nas que debería participar no só o alumnado senon, de igual modo, o profesorado. A garantía da calidade e a excelencia que esta Escola pretende acadar pasa por ese obxectivo ineludible. A ESCRBCG é o único centro formativo en Conservación-Restauración na Comunidade Autónoma de Galicia. Convertido nun centro moi importante nesa Comunidade e sendo en moitos aspectos un referente español, desexamos agora ampliar ese nivel de recoñecemento ao ámbito internacional.

Ata o momento, as actividades de mobilidade internacional da ESCRBCG estiveron moi condicionadas por certas incertezas normativas que dificultaban a participación neste tipo de actividades. A adaptación dos plans de estudo ao sistema de Bolonia (ECTS, graduate/posgraduate, etc.), permiten solicitar a Carta Erasmus agora. Como requisito indispensable, se ten nomeado unha Comisión de Traxectoria coordinado polo **Coordinador de Mobilidade e Relacións Internacionais**. Esta persoa deberá garantir a consecución de programas de Mobilidade Internacional, con especial atención hacia o Espacio Europeo de Educación Superior, así como a calidade das actividades e a difusión das accións esixidas polo Programa Erasmus.



Por outra banda, no curso académico 2004, a ESCRBCG participou nunha convocatoria dentro do Programa de Acción Comunitaria en materia de formación profesional “Leonardo da Vinci”, proxecto Nº E/04/A/F/PL-150518 “**Leonardo e o Patrimonio Cultural**”, en Portugal e Italia, mediante o que se pretendía a inserción laboral mediante o reforzo de aptitudes e competencias tanto profesionais como lingüísticas, ofrecendo experiencias prácticas, adquirindo novos coñecementos e ferramentas de traballo e, por suposto, contactando cun entorno sociocultural moi rico.

Aínda que non se poidan encadrar no ámbito de programas comunitarios, a preocupación pola internacionalización das prácticas de traballo continúa cunha longa tradición na ESCRBC. Dende fai 20 anos, os nosos alumnos tiveron a oportunidade de realizar prácticas en museos e empresas, tanto a nivel nacional (máis de 40 axentes) como Internacional (14 axentes). Nese sentido, a participación da Institución no marco do Programa Europeo Erasmus é unha forma de consolidar unha actividade xa establecida que nos axudará, ademais, a diversificar e mellorar a calidade das actividades sen restrinxir a mobilidade unicamente ás prácticas (EUCP), puidendoa facer extensiva deste modo a programas formativos para profesorado e alumnado (EUC).

Como se ten dito, a ESCRBCG actualmente ten asinados numerosos Convenios e Acordos Bilaterais con Museos e Institucións de todo o mundo relacionados coa Conservación-Restauración, mediante os que participa tódolos anos en programas de Prácticas o noso alumnado:

- Museo Nacional de Arqueoloxía (Lisboa, Portugal)
- Museu Monográfico de Conimbriga (Coimbra, Portugal)
- Fundação Serralves (Porto, Portugal)
- Museu de Arqueoloxía D. Diogo de Sousa (Braga, Portugal)
- Museu Municipal Abade Pedrosa (Santo Tirso, Portugal)
- Museo Nazionale Prehistórico Etnográfico “Luigi Pigorini” (Roma, Italia)
- Musei di Palazzo Farnese (Piacenza, Italia)
- Institute of Archaeology. Academy of Sciences of the Czech Republic (Praga, República Checa).
- Nationalmuseet. The National Museum of Denmark (Copenhague, Dinamarca).
- Proyecto Arqueológico Calakmul (Campeche, México).
- Museo Tumbas Reales de Sipán (Lambayeque, Perú)
- Proyecto arqueológico Huaca de la Luna (Trujillo, Perú)
- Museo Nacional de Arqueología, Antropología e Historia del Perú (Lima, Perú).
- Museo Nacional Sicán (Lambayeque, Perú).

Obxectivos

O obxectivo esencial é consolidar a mobilidade internacional como un elemento de referencia do centro, o que inclúe os sistemas de Xestión do Centro e involucra tanto ao alumnado como ao persoal docente e non docente.



- Iniciar un Plan de Mobilidade que permita impulsar o establecemento e adecuada coordinación de programas de formación e prácticas de ámbito europeo.
- Fomentar e posibilitar para o alumnado unha educación integral nun mercado laboral común.
- Fomentar e posibilitar ao profesorado as ferramentas de coñecemento necesarias para ofrecer ao alumnado unha educación integral nun mercado laboral común.
- Atender a calquera proposta de mellora no ámbito da Mobilidade, que permita adquirir e promover a conciencia dos valores e cultura europeos, neste caso co argumento específico do patrimonio e a historia comúns.
- Impulsar a participación en proxectos de mellora de calidade da cooperación entre Institucións no marco das Redes Europeas.
- Ampliar as posibilidades e enriquecemento do persoal non unicamente no plano profesional senon tamén dende un punto de vista humano.
- Potenciar a aprendizaxe de idiomas para incrementar a competencia académica e profesional de alumnado e profesorado.
- Intercambiar propostas pedagóxicas con outras Institucións grazas á mobilidade de persoal docente.

Obxectivos específicos encamiñados a internacionalizar o currículo académico e acadar un perfil internacional da nosa Institución:

- Dinamizar e estruturar o traballo da Comisión de Mobilidade, e en especial o traballo do Coordinador de Mobilidade.
- Revisar o sistema de control da calidade e dos programas de autorización do alumnado, con especial referencia aos programas de Mobilidade.
- Mellorar as aptitudes e competencias individuais poñendo en práctica os coñecementos teóricos, prácticos e de comportamento adquiridos na Escola.
- Mellorar a calidade no acceso á formación profesional traballando con novas tecnoloxías.
- Investigar novos campos laborais dentro da conservación-restauración como, por exemplo, traballar en Museos, exposicións, correos de BBCC, etc.
- Aproveitar o uso de instalacións e o contacto con departamentos interdisciplinares en Centros de recoñecido prestixio aprofundando nos criterios internacionais de conservación restauración de Bens Culturais.



Actividades específicas

- Participación en Programas Erasmus de Formación de alumnado
- Participación en Programas Erasmus de Formación de profesorado
- Participación en Programas de Prácticas do alumnado
- Participación en Visitas de Estudo
- Intercambio de estudantes e profesores durante os estudos no centro e nos periodos de prácticas
- Cooperación en proxectos de investigación en Conservación Restauración
- Participación en proxectos de cooperación internacional en Sudamérica.

ACCIÓNS ESPECÍFICAS E PUBLICIDADE QUE SE VAI DAR AO PROGRAMA ERASMUS

Para dar **visibilidade** ao Programa Erasmus na ESCRBCG prantexaremos un programa de difusión e divulgación no mesmo momento en que obteñamos a súa aprobación. Por outra parte, o Programa Erasmus se incorporará oficialmente ao noso programa de difusión institucional.

- Publicidade do Programa en prensa (tanto en xornais locais e rexionais como en radio e televisión rexional).
- Anuncio na páxina web oficial do centro (<http://www.gradoconservacionbbcc.es/>), na que se incorporará unha sección específica de Relacións Internacionais. A Declaración de Política Erasmus (EPS) publicárase nunha sección especial onde se incluírá toda a información necesaria para os estudantes e o persoal indicando como poder participar no Programa.
- Publicación no blog da ESCRBCG (<http://escrbccg.blogspot.com.es/>), así como noutras redes sociais (Facebook, <http://www.facebook.com/gradoconservacionbbcc.es>).
- Introducción do Programa Erasmus na campaña de difusión da ESCRBCG, que se desenvolve mediante:
 - Charlas e conferencias en numerosos Institutos de Educación Secundaria
 - Entrega de folletos e cartaces publicitarios
- Anuncio nas publicacións periódicas: revista da Escola "Labris".
- Anuncios en publicacións on-line das actividades levadas a cabo no periodo formativo.
- Publicación nos folletos informativos, cartaces, posters e dípticos de cursos organizados pola Institución.
- Reunións e conversas informativas cos responsables de educación das distintas administracións públicas.

Todo isto estará planificado polos Coordinadores de Mobilidade e Relacións Internacionais, que promoverán a ampla difusión do Programa Europeo nos Centros educativos e Facultades.



COMO VAI CUMPRIR A INSTITUCIÓN COS PRINCIPIOS DE IGUALDADE E INTEGRACIÓN DE ALUMNOS E PERSOAL CON NECESIDADES ESPECIAIS

Dentro dos obxectivos sociais, a Escola leva a cabo un programa educativo que avoga pola liberdade de pensamento, expresión, pluralismo e a non discriminación.

Toda a comunidade do centro ofrecerá todo o apoio necesario para garantir o dereito á igualdade de oportunidades sen importar o sexo, a raza, a relixión ou o nivel socioeconómico.

Estableceranse plans e fórmulas que favorezan a plena integración multicultural, a atención á diversidade e a atención á discapacidade, asegurando así un trato baseado nos méritos independentemente de calquera outra distinción.

O deseño das medidas de apoio aos alumnos con necesidades específicas nas diversas asignaturas impartidas terá en consideración os criterios e mecanismos contemplados na Orde do 27 de Decembro do 2002 (DOGA 30/01/2003). En caso necesario se solicitará á administración educativa asesoría para a redacción dunha proposta de medidas de reforzo ou de apoio. Entre outras, estas medidas poden abranguer:

Adaptación de accesos

Adaptación do laboratorio de prácticas

Xestión e aproveitamento de recursos tecnolóxicos para o alumnado con dificultades sensoriais

Deseño ou adaptación de prácticas de laboratorio específicas

Elaboración de material escrito para o alumnado con dificultades sensoriais

Traducción de textos

Adaptacións curriculares

Flexibilización da duración do período de escolarización

Finalmente se debe sinalar que o centro cumpre todas as medidas de accesibilidade, dispoño de ramplas de acceso, ascensor e amplos corredores.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ASEGURAR A CALIDADE DAS ACTIVIDADES DE MOBILIDADE

Na actualidade, a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, conta cun plan de acción tutorial enfocado á garantía, calidade e tramitación dos programas de mobilidade existentes para o noso alumnado. Coa incorporación do noso centro nos Programas Erasmus, este plan se implementará, con carácter xeral, mediante a inclusión dentro das tarefas dos responsables de mobilidade e nas estratexias específicas para a xestión dos programas Erasmus. Estas consistirán nas seguintes medidas:



1. Asignación e recoñecemento de créditos ECTS. Elaborarase unha edición trilingüe –castelán-galego-inglés- dos **contidos, competencias e valor en créditos** de cada unha das materias de cada curso, así como o periodo de prácticas incluído no *currículo* académico ["http://www.gradoconservacionbbcc.es/Castellano/corp/grao/arg/arg1.htm"](http://www.gradoconservacionbbcc.es/Castellano/corp/grao/arg/arg1.htm) [conservacionbbcc.es/Castellano/corp/grao/arg/arg1.htm](http://www.gradoconservacionbbcc.es/Castellano/corp/grao/arg/arg1.htm). Estableceranse contactos cos centros de acollida propostos para establecer os contidos e competencias recoñecidos por ambas dúas partes.

2. Información e difusión curricular. Na páxina web do centro se incluírá un vínculo específico no que, entre outras informacións, figurará o contido curricular e a súa equivalencia en créditos ECTS, traducidos tamén ao inglés. Farase dentro do vínculo específico de “Movilidade, Programas Erasmus”.

3. Información e atención aos alumnos interesados da ESCRBCG. Elaboraranse documentos específicos aos que se dará difusión a través da web do centro. Incluirán datos como as **bases da convocatoria** –datas e prazos, requisitos, tramitación, condicións da resolución, requisitos específicos de idioma, datas de conversas informativas...-, as **prazas ofertadas** –centros cos que existan acordos de intercambio-, **ficha de solicitude, guía informativa**- documento con explicacións dos pasos a seguir, recomendacións, documentación a xestionar no centro de acollida, prazos e datas, responsables da comisión de mobilidade do centro...- **documentación a entregar** ao departamento de relacións internacionais da ESCRBBCCG –carta de aceptación ou renuncia, ficha para xestión económica das axudas, e formulario de autorización de uso de datos personais-.

4. Información aos alumnos procedentes doutros centros. Elaboraranse igualmente documentos aos que se accederá a través da web en castelán, galego e inglés, con diversos contidos: **convocatoria**- datas e prazos, requisitos do noso centro, tramitación, condicións da resolución, requisitos específicos de idioma-, **prazas ofertadas** para a acollida de alumnos extranxeiros –de acordo coas ratio establecidas para cada curso ou materia-, **ficha de solicitude** –en castelán, galego e inglés-, **guía informativa**; esta guía conterá –nas tres linguas, castelán, galego e inglés- toda a información relativa á tramitación das solicitudes, recomendacións, pasos a seguir, documentación a presentar no noso centro, prazos e datas, contacto cos responsables do departamento de relacións internacionais, enlaces á titulación con competencias, contidos e créditos asignados, enlaces aos centros cos que teñamos convenios preestablecidos...-. Ademais, dentro desta “Guía Informativa”, se crearán documentos ou enlaces web específicos, relativos a aspectos de tutela e acollida, apoio lingüístico e cultural, favorecemento do establecemento de vínculos co alumnado do noso centro... estes importantes aspectos recóllense no seguinte punto.

5. Provisión de servizos ao alumnado entrante. Prevese a elaboración, por parte do seminario de relacións internacionais e dentro das estratexias específicas de acollida para o alumnado de programas Erasmus, de vías e propostas para prover de servizos ao alumnado acollido. Entre elas, a elaboración dun **formulario de chegada** –que consiste na recepción por parte de voluntarios de entre o noso alumnado para recoller ao alumno na súa data de chegada a nosa cidade-, facilitarase un **calendario académico**, información relativa a **opcións de aloxamento** –estableceranse para isto diversas opcións como piso compartido cos nosos estudantes, solicitude de residencias de estudantes ou albergues, pisos en aluguer..., sempre cunha antelación previamente establecida entre o alumnado acollido e os responsables de mobilidade.



6. En relación ao **apoio lingüístico**, se facilitarán cursos de galego e castelán, tramitados mediante acordos coa Escola Oficial de Idiomas, a Universidade de Vigo, ou organizados polo noso propio centro; igualmente estes cursos se preverán con antelación e se ofertarán a través da web do centro e por notificación específica ao alumnado entrante. Proponse, dentro do plan de apoio lingüístico, a participación en **programas de intercambio idiomático** entre o noso alumnado e o alumnado entrante; consistirá na difusión dun sistema de fichas que cubrirán os alumnos interesados e que tramitará o servizo de relacións internacionais. Con isto se favorecerá o enriquecemento mutuo en competencias lingüísticas por ambas partes.

Facilitaranse, por último, datos e vínculos **web de interese**, relativos a aspectos como transporte, información cultural e turística, moeda e servizos de telefonía, coberturas sanitarias, visados e permisos de residencia.

7. En relación á mobilidade da plantilla da ESCRBCG, o mesmo departamento de relacións internacionais deseñará estratexias específicas para favorecerla. Proponse o establecemento de vínculos con centros formativos e profesionais, onde as nosas competencias se poidan ver melloradas a través de **estancias da plantilla**, cúa duración se establecerá previamente en períodos determinados do curso escolar. Tamén se proporá, dentro da formación, a **acollida de profesores ou persoal non académico**, previo establecemento de convenios. Todas estas accións de mobilidade se recoñecerán no currículo do centro, así como se solicitará o seu recoñecemento polas entidades estatais e rexionais competentes mediante a **emisión de certificados**.

GARANTÍA DE CALIDADE DAS ACTIVIDADES RELATIVAS A ESTANCIAS EN PRÁCTICAS

É un feito a realización de períodos de prácticas por parte dos alumnos da ESCRBBCCG. Esta actividade vense realizando ao longo duns vinte anos de experiencia, tempo no que se teñen incorporando novos centros e empresas. Esta actividade práctica se ten conformado en torno a dúas modalidades: por unha banda, realización de prácticas en museos do ámbito local, nacional e internacional -como se pode comprobar na páxina web <http://www.gradoconservacionbcc.es/Castellano/corp/practicas/empresas/mapa.htm>- e, por outra, realización de prácticas en empresas. Esta dobre experiencia desenvolvida polo alumnado sempre foi algo voluntario. A partir da adaptación dos nosos estudos ao Espacio Europeo de Educación Superior, esta faceta crucial se ten transformado en obrigatoria, ao menos no que se refire á práctica en empresas.

Deste modo queda regulado este aspecto esencial da aprendizaxe da Conservación-Restauración cunha asignación temporal específica, así como unha equivalencia en créditos ECTS.

Participando en proxectos Erasmus, este período práctico obrigatorio ábrese aos alumnos que proveñan de centros extranxeiros, xa sexa como parte dunha estancia prolongada -de todo o último curso, por exemplo-, ou ben como obxectivo único da solicitude do alumnado que chegue.

Para o noso centro, igualmente, a inclusión en proxectos Erasmus suporá unha mellora da calidade deste período de prácticas e unha maior posibilidade de diversificación.



1. En relación á implementación do programa de prácticas, se proporán **visitas preparatorias** por parte dos responsables de mobilidade. Estas levaranse a cabo en periodos concretos preestablecidos por ámbolosdous centros e servirán para un maior coñecemento do tipo de traballo desenvolvido na empresa e a súa adecuación aos contidos das ensinanzas de Conservación- Restauración.

2. Unha vez acadados os acordos entre a ESCRBCG e as empresas de destino, tralas visitas preparatorias pertinentes, se procederá á **formalización de ditos acordos**. Mencionouse a longa experiencia do noso centro neste tipo de actividades prácticas, e de feito xa existen numerosos acordos ou convenios establecidos como o que se pode ver, a modo de exemplo, en http://www.slideshare.net/fcarreraramirez1/co-operation-agreement?from=share_email. Os acordos conterán aspectos ou principios fundamentais como son as competencias xerais e específicas que se pretenden acadar, as horas mínimas e máximas de realización de prácticas, as datas límite para realizar as prácticas, os compromisos de confidencialidade ou cesión de propiedade intelectual por ambas partes, os seguros médicos e coberturas que debe de aportar o alumnado no centro de prácticas...

Os acordos que se establezan ou que se renoven, xa baixo o amparo de programas Erasmus, plasmaranse, como novidade, baixo acordos marco a nivel europeo: así, se manexará o formato de *Curriculum Vitae* europeo e se solicitarán documentos como *Europass* para recoñecemento de competencias adquiridas.

3. En relación aos procedementos de seguimento e avaliación, se establecerán as seguintes medidas:

En relación á preparación das estancias en prácticas, se elaborará unha **Guía para o Alumnado en Prácticas** -tanto para os propios do centro como para os que estean acollidos dentro dun programa Erasmus- na que se expliquen e difundan, a través da web e de conversas informativas, cuestións como: a convocatoria, as bases da dita convocatoria, a oferta de empresas coas que existan acordos, o formulario de solicitude de centro de prácticas, os procedementos e a documentación a aportar, o calendario de periodo de prácticas, o responsable de prácticas dentro do seminario de relacións internacionais...

Unha vez asignados os centros de prácticas, sempre con criterios de transparencia previamente publicados nas guías para o alumnado en prácticas, se designará un **tutor no centro** para o alumnado en prácticas; este tutor informará dos procedementos a seguir - que á súa vez están contidos na Guía para o Alumnado en Prácticas-. Tamén será o responsable de manter un seguemento directo das prácticas, sempre en continua comunicación co tutor na empresa.

Pola súa parte, o **tutor en empresa** será o responsable de levar a cabo os acordos formativos previamente establecidos e emitirá informe do periodo de prácticas do alumno baixo a súa tutela.

Finalmente, en base á correspondencia en créditos que figura no *curriculum* do centro, será o centro quen califique e otorgue os créditos correspondentes a este periodo. Este procedemento figurará no documento "Europass" de cada alumno.